

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 31 DE XULLO DE 2017

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D^a. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. María Carmen Insua Cabanas (ídem)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-Grupo Mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as dez horas e cinco minutos do día trinta e un de xullo do ano dous mil dezasete, convocado en forma regulamentaria, réunese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, excusando a súa asistencia D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA). Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez.

Asiste igualmente a Interventora desta entidade, D^a. Ana M^a. Prieto Martínez.

Sendo a hora sinalada e co quórum regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29/05/2017

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (12 votos) procede a súa aprobación.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA COMPRENSIVOS DO 9/2017 AO 11/2017

O Pleno toma coñecemento dos Decretos da Alcaldía comprensivos do 9/2017 ao 11/2017, copia dos cales figuran a disposición dos concelleiros/as xunto coa documentación do presente Pleno.

3º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 12/2017 (SUPLEMENTO DE CRÉDITOS)

Para a súa aprobación polo Pleno, preséntase a seguinte Memoria-Proposta da Alcaldía: “De conformidade co artigo 37.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, redáctase a presente MEMORIA XUSTIFICATIVA da necesidade de aprobación do expediente de modificación de créditos na modalidade de suplemento de créditos.

A modificación de créditos proposta como expediente de modificación de créditos do orzamento vixente é a número 12/2017, presentando en canto a gastos e ingresos o seguinte detalle:

Presuposto de Gastos

PARTIDA		DESCRIPCION	C.INICIAIS	SUPLEMEN	C.FINAIS
Programa	Económico				
011	91300	Amortización préstamos	37.388,76	18.203,62	55.592,38
454	61900	Pavimentado viais Mourela e Roxal	328.420,00	104.260,3	432.680,39

Total.....	365.808,76	122.464,0	488.272,77
-------------------	-------------------	------------------	-------------------

En canto ao financiamento do expediente, este realizase con cargo o anticipo reintegrable en doce anualidades con dúas de carencia dentro do Plan de aforro e investimentos (PAI-2017), aprobado polo Pleno da Deputación Provincial.

Presuposto de Ingresos

DESCRION		IMPORTE
Económico		
91100	Prestamos longo prazo entes sector público.	122.464,01
	Total.....	122.464,01

En base o anterior e de conformidade co establecido no artigo 179 do TRLHL, propónse o Pleno do Concello que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente o citado expediente de modificación de créditos por suplemento de créditos no orzamento 2017, de acordo co detalle indicado.

SEGUNDO.- Someter o citado acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública no Boletín Oficial de Provincia e no Taboleiro de edictos do Concello, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da súa publicación, aos efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar alegacións perante o Pleno da Corporación, de acordo co disposto no artigo 177, en relación co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/20004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.-Aprobar con carácter definitivo dito expediente se contra o mesmo non se presentan reclamacións durante o período de exposición pública.

CUARTO.-Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no BOP e taboleiro de anuncios.

QUINTO.-Remitir copia autorizada do expediente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma simultaneamente ao envío o BOP.

Por todo o exposto tramítense dito expediente, para o que deberán emitirse os informes que sexan preceptivos de acordo co establecido no Real decreto 500/90, do 20 de abril e no Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais.”

Figuran no mesmo os informes emitidos pola Interventora municipal, así como tamén o ditame da Comisión Informativa de Facenda en Contas en sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2017 en sentido favorable a súa aprobación, tal como establece a lexislación vixente.

VOTACION: O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (12 votos) procede á aprobación do citado informe-proposta, que queda convertido en acordo nos seus propios termos.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén en primeiro lugar o **portavoz do grupo municipal do PP, Sr. Cabezón Lorenzo**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Desexo todos os parabéns á persoa contratada como servizo de apoio técnico-administrativo, que ademais é amigo, pero teño que lembrar que se despediu á técnico local de emprego de xeito improcedente, a cal facía parecidas funcións, e tal despido tiveron que pagalo todos os nedenses.

Sr. Alcalde: trátase dunha contratación por período dun ano, mediante un contrato de servizos, para funcións de apoio por razóns de xubilación e baixas sobrevidas, por iso é necesario; ademais, a técnico local de emprego custáballe ao Concello 36.000 euros anuais, mentres que este servizo custa actualmente 1.500 euros ao mes.

2º.- Queríamos saber si xa se apuntou xente á escola infantil?

Sra. Pena Barcia: formalmente temos dez inscricións, pero hai máis xente que ten recollida a documentación para poder facer a preinscrición. A empresa adxudicataria do servizo díxonos, con base na súa experiencia, que con empezar con oito inscritos se daban por satisfeitos, porque despois sempre se vai apuntando máis xente.

Sr. Cabezón Lorenzo: por certo, o Conselleiro non pode vir a inauguración de hoxe, porque o avisastes con tres días de antelación.

Sra. Pena Barcia: dende o seu gabinete tiveron un erro ao proporcionarnos o correo electrónico, pero estaban avisados telefónicamente con moita anticipación. En todo caso, en setembro faremos unha inauguración oficial coa súa presenza.

Seguidamente intervén o **concelleiro do grupo municipal de MOVENEDA, Sr. Caaveiro Puentes**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Queríamos saber como está a tramitación do regulamento de participación cidadá, e das ordenanzas de residuos e de uso do edificio de usos múltiples?

Sres.

Sres. Ferreiro Rego e Balsa Alonso: agora en agosto non hai Comisións Informativas, así que en setembro retomaremos a tramitación.

2º.- Tamén queremos preguntar pola Comisión da memoria histórica.

Sra. Pena Barcia: en setembro se retoma, ademais agora temos de baixa ao funcionario que exerce as funcións de Secretario da Comisión.

3º.- Aínda non temos os informes técnicos sobre o pavillón polideportivo e a pasarela do río Belelle.

Sr. Alcalde: en canto o traballo o permita, se emitirán.

4º.- Cando se realizarán as obras que se precisan na área recreativa da Cobeluda?

Sr. Alcalde: agora resulta máis problemático, así que as faremos en setembro, cando termine a tempada estival.

5º.- Que traballos se están facendo na limpeza de praias?

Sr. Alcalde: se está limpando a area e todo o entorno das praias dende o Puntal ate o Pazo da Merced.

6º.- En canto ao concurso de carteis da festa do pan, vemos que houbo cambios con respecto a anos anteriores, e non se invitou aos grupos políticos para a comisión de selección.

Sra. Bouza Bellón: porque se lle deu máis protagonismo á parte técnica.

Sr. Caaveiro Puentes: estamos de acordo, pero entón debería haber so técnicos na citada comisión, e si hai políticos, deben de estar representados todos os grupos.

7º.- Con anterioridade temos falado dunha balsa de contención contra incendios en Viladonelle, e queremos preguntar se se vai facer algo ao respecto?

Sr. Alcalde: despois do verán se vai comezar a repoboación do montes de titularidade municipal con especies autóctonas, xa que con anterioridade ao verán estivemos

limpando e desbrozando. En canto ás fincas dos particulares, lles estamos requirindo a limpeza a aquelas fincas que o necesitan, pero en algúns casos temos problemas para identificar aos propietarios, por exemplo, nos casos de herdanzas.

Sr. Caaveiro Puentes: debería seguirse un criterio técnico para a repoboación.

Sr. Alcalde: así temos pensado facelo.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as dez horas e vinte e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral